

1963. Lembrando a traxedia do metílico

André Solla

Entre os seres humanos sempre houbo, ou haberá, xente sen escrúpulos que se quere facer rica sen importarlle a forma, os medios e as consecuencias. Entre eles hai un subgrupo integrado por aqueles que o fixeron e fan á conta da saúde das persoas.

E digo todo isto porque na memoria de moitos de nós, sobre todo dos que xa cangamos anos sobre os nosos osos, está o caso de envelenamento por consumo de **aceite de colza adulterado**, o do engorde de gando vacún con substancias prohibidas como o **clenbuterol**, por poñer algún exemplo.

Pero, máis en concreto, quérome referir a un caso que aconteceu no ano 1963 e que afectou a Galicia por onde se tramou a falcatruada que orixinaría toda a traxedia, pero tamén sería a comunidade onde máis se padecerían as consecuencias, xa que foi aquí houbo o maior número de afectados. O asunto foi coñecido popularmente como o **"caso do metílico"** e a bisbarra do Carballiño tivo a desgraza de ser unha das máis castigadas, aínda que tamén houbo algúns casos en localidades da Coruña (Muros, Camariñas, Pontedeume...) e algo na de Pontevedra.

Non é pretensión facer unha análise detallada, nin científica do asunto. No seu día xa se deu información ao respecto, pero como xa hai moito tempo que sucederon os feitos, moita xente, por ser nova ou porque xa o esqueceu, non se lembra desta traxedia. Considero, entón, que de vez en cando debemos traer á nosa memoria estes feitos, aínda que só sexa para lembrarlle a "máis de un" que sempre queda alguén que non se esquece deste tipo de cousas.

O entramado desta macabra historia orixinouse en Ourense a finais de 1962, aínda que, "paradoxicamente", foi nas Illas Canarias onde saltou a alarma sobre este asunto a principios do 1963.



Unha farmacéutica de Lanzarote vai ser a primeira en relacionar unha serie de mortes que se producen nesta illa, e que non teñen unha explicación aparente, coa inxestión de bebidas alcohólicas, xa que as persoas falecidas eran, máis ou menos, adictas ao consumo deste tipo de produtos. As análises realizadas daban como resultado un alto índice de alcohol metílico. Así que esta circunstancia foi posta en coñecemento das autoridades competentes, que nun principio tentaron restar importancia para evitar o alarmismo, pero o aumento dos casos fará inevitable que o caso salte aos medios de comunicación. Simultaneamente porase en marcha o aparato da investigación policial que, ao tirar do novelo das pescudas, levará a esta ata o porto de Vigo e dende aquí a Ourense.

A primeira noticia que se ten en Galicia destes feitos data do 30 de marzo nunha nota que publica Faro de Vigo. Por estas datas, como máis tarde se saberá, xa tiñan falecido na nosa terra varias persoas aínda que estas mortes non se realacionaron, nun principio, con tan macabro feito. Así que, a raíz das noticias que van saíndo nos xornais da época,

o medo xorde na xente, sobre todo entre aquelas persoas que eran habituais consumidoras de alcohol, pois sospeitan que puideran ter inxerido algunha destas bebidas, A psicose é tal que o consumo de bebidas alcohólicas cae "en picado". A desinformación, xunto coas desgrazas que lle están a acontecer ás xentes próximas, crea un estado de intranquilidade e alarma social difícil de parar.

Co fin de frear esta situación reúnense representantes políticos, xudiciais e dos industriais do ramo para tratar o tema. Acordan que se depuren responsabilidades ao tempo que mandan unha mensaxe tentando transmitir tranquilidade, pero xa é tarde. As dimensións do problema son tales que non queda outro remedio que actuar o máis axiña posible. É entón cando se designa a un xuíz único instrutor do caso con competencias en todo o territorio (ao principio, parece ser que había máis dunha causa aberta sobre o tema). Este cargo vai recaer en José Cora Rodríguez moi coñecido en tempos actuais por ter sido o primeiro Valedor do Pobo en Galicia.

Tres puntos da xeografía peninsular van a ser "claves" á hora de fixar a investigación. Madrid, onde se adquire o produto (alcohol metílico; Ourense, onde se distribúe a materia prima e se elaboran as bebidas; e Vigo, onde tamén se elabora e, sobre todo, se comercializan estes produtos cara ao exterior. Non quere dicir isto que o asunto non tivese outras ramificacións, xa que tamén van estar implicadas **Industrias Rosol** da Coruña e outra no concello de Ramirás, amais dalgún particular.

Conforme van avanzando as investigacións, as mortes e, no mellor dos casos, as cegueiras, seguen a producirse. A magnitude do problema é tal que as autoridades son agora as que apremian para que se determinen os responsables directos deste acto criminal ao mesmo tempo que procuran desviar as responsabilidades administrativas.

O goberno, que por aquel entón estaba presidido "de facto" por Luis Carrero Blanco e tiña como ministro de Información e Turismo a Manuel Fraga Iribarne, afanouse con "habilidade", amparándose na censura dos medios de comunicación (Ley de prensa), de que non aparecese implicado

neste "feo" asunto ningún organismo da administración do estado, xa fora por negligencia, ocultación ou permisividade.

Onde estaban as inspeccións de sanidade, as guías de circulación e transporte, e os controis aduaneiros? (Estes produtos, aínda que adulterados, circulaban, na práctica, como produtos de consumo humano). Nada disto aparecerá no xuízo.

É obvio que, á parte da responsabilidade directa dos que cometeron o delito, tamén houbo outra responsabilidade por parte de distintos organismos da administración. Hoxe en día, tal catástrofe tería un enorme custo político. Non obstante, e tal como quedou "demostrado" no xuízo, a actuación da admistración foi en todo momento a correcta a pesares de que algúns dos implicados manifestaran, no trascurso do mesmo, cousas tales como: *"en el tiempo que llevo en este negocio nunca recibí una inspección de Sanidad a no ser la de inspección de Hacienda"*. E outro dos implicados di, durante o xuízo, que mandou unha partida para Nueva York que estaba legalizada polo servizo agronómico de Pontevedra e pola Aduana de Vigo e que, no día da data, aínda non recibira o resultado das probas, pero que si tiña pagadas as taxas por estes servizos. Hai que facer constar aquí que o fiscal, Fernando Novoa, e o xuíz instrutor tentaron máis dunha vez pedir responsabilidades subsidiarias á administración do estado. Non houbo lugar, pois por aquel entón a administración xamais se equivocaba ou cometía delito. A modo de exemplo sirva o caso **Matesa** (1969) e o do **aceite de REACE** (Redondela, 1972) posteriores ambos aos feitos que nos ocupan. Neste último podían estar implicados familiares da máis alta esfera do goberno estatal. Aquí tampouco se viu afectada a administración do estado.

Segundo co fío da investigación, a empresa **Lago e Hijos**, de Vigo, é o primeiro elemento sospeitoso en aparecer en escena. Esta adicábase por aquel entón á compra, elaboración e venda de bebidas alcohólicas. Tamén era unha importante exportadora dende a península cara ás Illas Canarias. E a través dos datos que se recadan vaise chegar ata a cidade das Burgas,

onde ao estaba o cabo do novelo. O nome de **Rogelio Aguiar Fernández** pasa a se converter no principal sospeitoso de todo o entramado criminal. Este personaxe era propietario de Bodegas Aragón de Ourense. Polo que se puido saber máis tarde, este era un empresario sen escrúpulos cuxo fin consistía en enriquecerse o máis axiña posible aínda que isto fose á conta da saúde da xente tal como quedou probado no xuízo. Del dise que impulsado por un afán demesurado de enriquecemento idea un plan que lle permitirá establecer un negocio sen competencia ao adquirir e distribuír produtos a un baixo custo. Para lograr isto ponse en contacto coa casa **Aroca** de Madrid e adquire desta, durante os anos 60, 61 e 62, grandes cantidades de alcohol metílico (metanol) a prezos que oscilan entre 9 e 13,80 ptas/l. Hai que dicir aquí que este alcohol, por aquela época, non precisaba de ningún control ou guía de circulación, porque non está destinado ao consumo humano. E aquí estaba o fundamento do negocio, substituír o alcohol etílico (vínico), que por aquel entón tiña un prezo de mercado entre 28 e 30 ptas/litro, por alcohol metílico.

As bebidas adulteradas estaban elaboradas, basicamente, baixo a "formula" de **rons e licores café**. Pero tamén houbo outras como a augardente, o anís, a xenebra... Todo dependía da zona a onde se ía destinar o produto en cuestión.

A primeira detención prodúcese cara a finais do mes de abril e curiosamente vai ter lugar na Coruña onde pasa a disposición xudicial, **Miguel A. Basail Infante**, xerente de Industrias Rosol. O 25 de deste mes pasan a disposición xudicial **Rogelio Aguiar Fernández** e os representantes de **Lago e Hijos** (pai e fillo). Pouco a pouco irán pasando por este trance outros implicados no asunto ata un total de once.

Da envergadura do asunto danos unha pequena idea o feito de que incoación do sumario durara ata 1965 e foi o maior caso da xudicatura penal habido no estado español ata o seu momento, pois constaba de 36.000 folios.



O xuízo celebrouse na Audiencia Provincial de Ourense durante o mes de decembro de 1967. Nel participaron 209 testemuñas (113 delas pedidas pola fiscalía) e asistiron 18 letrados (13 pola parte defensora e 5 pola acusación) e deu comezo o día 1 coa constitución da sala, que presidirá Francisco Marcos Rodríguez, actuando como fiscal Fernando Seoane Rico e será secretario Fernando Díaz Rodríguez.

Para os inculcados, que foron somentes 11, pedíase un total aproximado de 130 anos de cárcere segundo o grao de responsabilidade. Así mesmo, pedíase para as empresas Lago e Hijos SL. e Industrias Rosol un total de 25.000.000 de ptas. polo concepto de responsabilidade civil subsidiaria, diñeiro que, ao parecer, non se chegou a pagar, cando menos, na súa totalidade dado que moitos deles se declararon insolventes, total ou parcialmente.

Durante longas sesións de mañá e tarde foron desfilando pola sala: imputados, afectados e testemuñas para daren a súa versión dos feitos.

No xuízo vai quedar probada a culpabilidade dos inculcados nos actos delitivos, xa que segundo se menciona nas actas do xuízo a empresa suministradora do citado alcohol facíalle constar nas súas facturas que o citado produto non era "*Producto de libre circulación no apto para el consumo de boca*". A pesar de todo, os imputados, con maior ou menor consciencia, elaboraron e comercializaron as bebidas elaboradas con el. Tamén se probará no xuízo que todo isto estaba movido por un desmesurado interese económico e queda ben reflectido

no informe elaborado polo fiscal onde se pon de manifesto: “*el móvil fue bien visible y que puede resumirse en una pretensión de lucrarse a costa de lo que fuese...*”



O 21 do mesmo mes finaliza a vista do caso e o 27 dáse a coñecer a sentenza en acto público. Para non entrar en excesivos pormenores imos facer unha breve relación coa condena que lle correspondeu a cada un dos imputados:

Rogelio Aguiar Fernández, 20 anos e 25.000 pta de multa.

María Ferreiro Sanchez (cónxuxe do anterior), 12 anos e un día, e 5.000 pta de multa.

Román Rafael Saturno Lago Cabral, 18 anos e 20.000 pta de multa.

Román Gerardo Lago Álvarez, 12 anos e un día, e 5.000 pta de multa.

Miguel A. Sabino Basail Infante, 15 anos e 10.000 pta de multa.

Luis Barral Iglesias, 12 anos e un día, e 5.000 pta de multa.

Ricardo Debén Gallego, 12 anos e un día, e 5.000 pta de multa.

Alberto Lombán González, 12 anos e un día, e 5.000 pta de multa.

Francisco Emilio López Otero, 4 anos e 5.000 pta de multa.

Manuel López Valeiras, un ano e 5.000 pta de multa.

Ramiro Novoa Rodríguez, un ano e 5.000 pta de multa

No aspecto global a sentenza supuxo un total de 121 anos e 9 días de privación de liberdade e 105.000 pta en concepto de multa.

A contía da responsabilidade civil ascendeu a 19.000.000 de pta Na sentenza tamén se fan constar outro tipo de condenas que lles caen a algúns dos imputados en concepto de imprudencia e o número de mortes das que foron acusados. Respecto a isto diremos que a Rogelio Aguiar e muller responsabilizáronnos de 51 mortos e e 11 lesionados. Aos Lago (pai e fillo) correspondéronlle 23 mortos e 2 lesionados. Os restantes condenados foron responsabilizados de 2 e 1 morte segundo o grao de implicación nos feitos. Así mesmo, faise referencia ás solvencias de cada un dos condenados, sendo moi curioso o caso de Rogelio Aguiar e esposa pois non consta. Ao parecer declaráronse insolventes.

Como se dixo xa antes, o estado non admitiu nunca a súa responsabilidade e, ademais tratou de pasar “páxina” o máis pronto posible sobre o asunto, así que as condenas aplicadas aos responsables só se cumpriron nunha pequena parte. Os últimos responsables estaban na rúa o ano 74. A explicación a todo isto obedece a unha serie de medidas de gracia, que por aquel entón era moi habitual que o antigo réxime outorgase coincidindo con algunha efeméride de importancia.

Para rematar, só queda dicir que aínda que a cifra oficial de prexudicados foi de 51 falecidos e 12 afectados, moitos foron os que consideraron que na realidade houbo moitísimos máis porque desgraciadamente non se puideron fixar, xa fora porque no momento de morrer non se relacionou esta coa causa ou porque a autopsia non se fixo co rigor pertinente.



Aduana de Vigo: Organismo que permitiu a exportación